

Miña doce amiga

*Miña doce amiga
ti serás barqueira,
que agroman as rosas
na outra ribeira.*

*Agromaron rosas
pra que sexas barqueira,
que non agromaron
porque é primaveira.*

*Pra que sexas barqueira
ao ir a collelas,
agroman as rosas
naquela roseira.*

(Libro de cantigas, 1955)

Manuel María


Ordeamento e axuda



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Emigración

Fundación **Manuel María**
de Estudos Galegos

II Certame de Poesía en Lingua Galega “Manuel María”



Casa de Galicia en Gipuzkoa

II Certame de poesía en lingua galega "Manuel María"

Bases

- 1º O poema estará escrito en lingua galega e terá un máximo de noventa versos e un mínimo de corenta. Admitiranse conxuntos de poemas de temática común sempre que non excedan dos cen versos.
- 2º O poema enviarase nun sobre sen remitente nin indicación algunha referente a personalidade do autor ao seguinte enderezo:
Casa de Galicia en Gipuzkoa
Rúa Zabaleta, 28 - baixo
20002 - San Sebastián
(Gipuzkoa)

Dentro, noutro sobre pechado, figurará exteriormente o primeiro verso do poema e no interior do mesmo sobre constará o nome, enderezo, número do DNI e teléfono do autor.
- 3º As obras que se presenten deberán ser inéditas.
- 4º Os poemas enviaranse por triplicado antes do día 24 de abril de 2014.
- 5º A organización nomeará un xurado composto por persoeiros relevantes da creación e da crítica e daranse a coñecer no momento de facerse público o fallo do xurado.
- 6º Os premios fallaranse o 24 de maio de 2014. Os poemas premiados serán editados pola Casa de Galicia da forma e no lugar que se estime axeitado.
- 7º Os premios consistirán en:
1º premio: 400 euros
2º premio: 200 euros
3º premio: 100 euros
- 8º Os premios serán entregados na Casa de Galicia en Gipuzkoa unha vez realizado o fallo por parte do xurado.
- 9º O feito de participar supón aceptar a resolución do xurado así como as bases do certame. O xurado poderá declarar deserto algún premio.
- 10º A Casa de Galicia en Gipuzkoa resérvase os dereitos de publicar calquera dos traballos presentados ao concurso na forma ou no medio que estime oportuno.
- 11º Non se devolverán os orixinais.